Visto que mediante resolución de Alcaldía nº 220/2010 do 22/03/10, aprobouse o expediente e os pregos de cláusulas administrativas para a adxudicación do contrato de obras consistentes na "REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO E AMPLIACIÓN DO AUDITORIO", incluido no Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local, do ano 2.010, aprobándose a licitación mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación e tramitación urxente, e así mesmo procedeuse a autorizar o gasto por importe total de 354.969,86 euros, financiados integramente con cargo ao citado Fondo Estatal.

Publicado o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de data 30/03/10, e a súa correspondente corrección de erros no Boletín Oficial da Provincia de 9/04/10, así como anuncio de licitación no Diario Oficial de Galicia con data de 5/04/10, e finalmente publicado tamén anuncio no perfil do contratante do Concello de Cabana na web: www.concello-cabana.com.

Presentadas en tempo e prazo propostas por un total de 20 empresas, con data de 3/05/10, consitituiuse a mesa de contratación coa composición determinada nos pregos de cláusulas administrativas, co fin de proceder a dar apertura ao sobre nº 1, referente á documentación administrativa. Observada a existencia de deficiencias en varios licitadores que se consideraron subsanables, a mesa acordou conceder un prazo de subsanación de dous días.

Con data de 12 de maio de 2.010, a mesa de contratación procedeu a analizar a documentación presentada polos licitadores aos que se lles requiriu a subsanación da documentación, acordando de conformidade co previsto no punto 20.c) dos pregos de cláusulas administrivas a inadmisión dos seguintes licitadores:

-Ibber, ingeniería y gestión industrial S.L, por non ter presentado en prazo subsanación das deficiencias observadas na documentación administrativa e que se recollen na acta da mesa de contratación do 3 de maio de 2.010 e na actual acta.

-ASC Construcciones y Contratas S.L, por non ter presentado en prazo subsanación das deficiencias observadas na documentación administrativa e que se recollen na acta da mesa de contratación do 3 de maio de 2.010 e na actual acta.

-Construcciones y Contratas Herculinas S.A, por non ter acreditado suficientemente e do xeito establecido nos pregos de cláusulas administrativas a solvencia económica, xa que inicialmente presentou informe de correduría de seguros sen axustarse ao modelo establecido no anexo VI do RD 1098/2001, tal como se esixía nos pregos de cláusulas administrativas (punto 13.5). Requirida a subsanación de tal deficiencia, preséntase declaración do volume de negocios acompañado modelo 390, pero referente exclusivamente ao ano 2.009, acompañando escrito no que informa de que nos anos 2.007 e 2.008 non tivo actividade por terse constituído a empresa en noviembre de 2.008, cando os pregos de cláusulas administrativas esixían que, de usar esta forma

de acreditación da solvencia económica tiñan que presentar a declaración referente aos 3 derradeiros exercicios, e que a declaración de menos importe dos 3 últimos anos fora superior ao dobre do prezo do contrato.

O cal foi notificado individualmente a estes, co correspondente réxime de recursos.

Posteriormente a mesa de contración e acto público procedeu á apertura e valoración primeiramente dos sobres nº 3 que contiñan as ofertas dos 17 licitadores admitidos suxeitas a criterios de valoración non automáticos e posteriormente dos sobres nº 2, que contiñan as propostas valorables conforme a criterios automáticos.

Á vista da proposta realizada pola mesa de contratación, esta Alcaldía como órgano de contratación procedeu a ditar resolución nº 414/2010 do 31 de maio, pola que se acordaba a adxudicación provisional da citada obra a favor da empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRAS S.L, con C.I.F nº B-15.598 758 e domicilio social en Ayan nº 48, baixo, 15181, Sigrás, Cambre, A Coruña, por importe de: 256.312,72 Euros e 41.010,04 Euros de IVE, (Total: **297.322,76 Euros)** e de acordo coas seguintes consideracións:

-Prazo de execución da obra 67 días naturais a contar desde a sinatura da acta de replanteo
-Aportar 9 traballadores da plantilla actual a xornada completa e 0 a xornada parcial.
-Se compromete a contratar 12 novos traballadores en paro a xornada completa e 0 a xornada parcial.
-Garantía 120 meses.
-As restantes condicións ofertadas no sobre nº 3.
-As restantes condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e no proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Jesús Mallo Puga e que serviu de base para a presente licitación.

A citada resolución foi publicada no perfil do contratante e notificada a tódolos licitadores presentados.

Con data de 4 de xuño de 2.010 e número de rexistro de entrada 1.655, á empresa Construcciones Galdiano S.A, presenta recurso de resposición contra a citada resolución nº 414/2010 de adxudicación provisional, solicitando igualmente a suspensión do procedemento de adxudicación.

Con data de 10 de xuño de 2.010 e número de rexistro de entrada no Concello 1756, preséntase por CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRAS S.L, acreditación da constitución de garantía definitiva, acreditación de atoparse ao corrente das súa obrigas tributarias e coa seguridade social, así como copia dos contratos dos nove traballadores de plantilla actual que segundo a súa oferta se comprometía a aportar.

Con data de 15 de xuño de 2.010, por parte da Alcaldía en funcións ditase resolución nº 454/2010, pola que se acorda suspender o procedemento de

licitación en tanto en canto non se resolva o recurso de reposición plantexado, así como dar trámite de audiencia a tódolos interesados por prazo de 10 días e poñer a súa disposición o expediente nas dependencias do Concello.

Con data de 14 de xullo de 2.010 esta Alcaldía ditou resolución nº 533/2010 pola que se resolve o recurso de reposición inteposto por Galdiano Galicia, S.A, desestimando o mesmo polos motivos que na citada resolución se expoñen, o cal foi notificado a tódolos interesados no procedemento.

Resolto pois o recurso plantexado, e examinada a documentación presentada pola empresa adxudicataria provisinal, de conformidade co previsto no artigo 135.4 e a Disposición Adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público RESOLVO:

PRIMEIRO: Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de obras denominado: REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO E AMPLIACIÓN DO AUDITORIO", incluido no Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local, do ano 2.010, que foi adxudicado provisionalmente a favor de CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRAS S.L, con C.I.F nº B-15.598 758, mediante resolución de Alcaldía nº 414/2010 do 31 de maio e publicada no perfil do contratante con data de 2 de xuño de 2.010.

SEGUNDO: Dispoñer un gasto polo importe total de **297.322,76 Euros** con cargo á partida orzamentaria municipal 342/632.03-6E.

TERCEIRO: De conformidade co previsto no punto 21 dos pregos de cláusulas administrativas lémbrase que no prazo máximo de 15 días a contar a partir da notificación da presente o contratista adxudicatario ten a obriga de xustificar a contratación de 12 novos traballadores, que estiveran en situación de desempregados, debendo presentar copia do D.N.I, do contrato, e informe de períodos de inscrición da oficina de emprego correspondente. A non cumprimentación do citado requisito en prazo, poderá ser motivo de resolución do contrato.

CUARTO: Notificar a adxudicación definitiva aos licitadores presentados, non porcedendo a devolución de garantía provisional xa que esta non foi constituida no seu día por estar estes exentos.

QUINTO: Notificar a presente adxudicación definitiva do contrato de obras ao adxudicatario e citalo para que no prazo máximo de 5 días a contar a partir da notificación da presente para a formalización do contrato administrativo

SEXTO: Deixar constancia do nomeamento de D. Jesús Mallo Puga, redactor do proxecto como director das obras, director de execución e coordinador de seguridade e saúde, con tódalas obrigas e atribucións que se establecen pola lexislación de contratos das administracións públicas e demais normativa aplicable.

SÉTIMO: Formalizado o contrato e presentado polo contratista o Plan de Seguridade e Saúde da obra axustado ao Estudo de Seguridade e Saúde do

proxecto, se procederá á súa aprobación polo Concello e ao sua posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado o citado trámite se procederá a firmar a acta de comprobación de replanteo que non poderá asinarse mais tarde dos 15 días seguintes á data de formalización do contrato.

OITAVO: Comunicar os datos básicos do contrato ao rexistro de contratos do Sector Público de conformidad eco previsto no artigo 308.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, así como proceder á publicación da presente adxudicación definitiva no perfil do contratante e no Boletín Oficial da Provincia.